

## Vive o verán 2023

### CATIVADAS DE VERÁN NOS CENTROS SOCIOCULTURAIS

Información xeral

Programa de tempo libre nos centros socioculturais urbanos de **José Saramago de Vite, Santa Marta, Castiñeiríño, Pontepedriña e Ensanche** e rurais de **Figueiras, A Gracia, Laraño, Lavacolla, Marrozos, Nemenzo e Bando**

**Datas:** Mes de xullo de luns a venres agás festivos en horario de 10 a 14h. O horario de acollida nos **CSC urbanos** será desde as 8 ata as 15h e nos **CSC do rural** será desde as 9.30 ata as 14.30h

**Modalidade de quendas:** Mes completo  
1ª quenda do 3 ao 14 de xullo  
2ª quenda do 17 ao 31 de xullo

**Calendario de presentación de solicitudes e matrícula:** **Preinscricións:** Do **4 ao 20 de maio** nos centros socioculturais no horario de atención ao público habitual de cada centro sociocultural ou enviando a ficha de preinscrición cuberta ao correo electrónico [viveoveran@santiagodecompostela.gal](mailto:viveoveran@santiagodecompostela.gal)

Podes descargar a ficha de preinscrición en [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)

**Publicación de listas de admitidos a sorteo** (estarán expostas nos propios csc e na web municipal): martes 30 de maio

**Prazo corrección erros:** martes 30 e mércores 31 de maio

**Publicación listas definitivas** xoves 1 de xuño

**Publicación listas de admitidos e reservas:** a partir do **mércores 7 de xuño** nos taboleiros informativos dos centros socioculturais nos que se fai o programa e en [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)

**Formalización do pagamento: do 8 ao 21 de xuño.** O pagamento requirirá do acceso á sede electrónica do Concello para descargar a folla de liquidación e realizar o pago (ou ben directamente na sede electrónica ou achegándose coa folla á entidade bancaria que se indique)

**Destinatarios e nº de prazas nos CSC urbanos:** **Público infantil de familias empadroadas no Concello de Santiago.**  
**CSC José Saramago de Vite,** de 5 a 12 anos. [40 prazas]  
**CSC Pontepedriña,** nenos/as de 5 a 12 anos. [20 prazas]  
**CSC de Santa Marta,** nenos/s de 4 a 10 anos. [50 prazas]  
**CSC do Castiñeiríño,** nenos/as de 6 a 10 anos. [20 prazas]  
**CSC O Ensanche,** nenos/as, de 6 a 12 anos. [20 prazas]

Anos cumpridos no momento de desenvolverse a actividade

**Nº de prazas total nos CSC urbanos: 150 prazas**

**Destinatarios e nº de prazas nos CSC do rural:** **CSC de Figueiras** [20 prazas]  
**CSC da Gracia** [30 prazas]  
**CSC de Laraño** [20 prazas]  
**CSC da Lavacolla** [20 prazas]  
**CSC de Marrozos** [30 prazas]  
**CSC de Nemenzo** [20 prazas]  
**CSC de Bando** [20 prazas]

Nados entre 2011 a 2018

**Nº de prazas total nos CSC do rural: 160 prazas**

**Existen 20 prazas de acceso directo previo informe de servizos sociais**

**Prezo xeral** 80 €/mes completo e 40 €/quincena

**Desconto 20% 2º fillo** 64 €/mes completo e 32 €/quincena (cada participante)

**Desconto 50%**

**Familia numerosa/monoparental** 40 €/mes completo e 20 €/quincena (cada participante)

## **Pai/Nai/Titores (ambos) exentos desempregados**

**Adxudicación de praza:** no caso de haber máis solicitudes que prazas dispoñibles nos distintos centros, resolverase mediante sorteo público automático o día **venres 2 de xuño** no CSC de Santa Marta ás 12h. O número mínimo requirido de participantes para iniciar a actividade será o 60% das prazas ofertadas en cada centro.

**Obxectivo e descrición da actividade:** Ofrecer nas mañás do mes de xullo nos centros socioculturais, actividades de tempo libre, das que poidan gozar os rapaces dos barrios, facilitando tamén ás familias Composteláns a organización dos tempos vacacionais, a través dunha oferta variada de actividades lúdico-educativas desenvolvidas no seo de cinco centros socioculturais da cidade para os tramos de idade indicados.

O proxecto desenvolverase de luns a venres durante o mes de xullo, programándose actividades de lecer e educativas, nun ambiente alegre e relaxado no que todos/as os/as participantes se sintan parte do grupo e se promovan tamén valores de igualdade, a solidariedade, recoñecemento da cidade e dos valores cívicos.

Actividades plásticas, expresión artística, teatro e expresión corporal, xogos populares, xogos de pistas, obradoiros, deporte.., animarán toda a mañá dos/as participantes acompañados por monitores especializados.

### **Como participar e presentar as solicitudes?**

Cubrindo a ficha de preinscrición CC002 e o Anexo I e achegándoos dentro do prazo, aos centros socioculturais no horario habitual de atención ao público ou enviándoa cuberta ao correo electrónico [viveoveran@santiagodecompostela.gal](mailto:viveoveran@santiagodecompostela.gal) ou pola sede electrónica do Concello de Santiago.

**No momento de comunicación da adxudicación da praza** deberán presentar a seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI do neno/a (opcional) ou fotocopia do libro de familia
2. Xustificante de familia numerosa
3. Fotocopia da tarxeta sanitaria da Seguridade Social ou aseguradora privada
4. Xustificación de demandantes de emprego de ambos pais/titores se fose necesario solicitar a exención.
5. Informe de servizos sociais en caso necesario

### **Onde se poden recoller follas de autorización e preinscrición?**

#### **CSC JOSÉ SARAMAGO DE VITE**

981 542 490  
Rúa de Carlos Maside 7

#### **CSC DAS FONTIÑAS**

981 528 750  
Rúa de Berlín 13

#### **CSC AURELIO AGUIRRE DE CONXO**

981 528 740  
Praza de Aurelio Aguirre 1

#### **CSC AGUSTÍN BUENO DO CASTIÑEIRIÑO**

981 542 459  
Rúa da Virxe de Fátima 1

#### **CSC DO ENSANCHE**

981 543 001  
Rúa Frei Rosendo Salvado 14-16

#### **CSC DE SANTA MARTA**

981 543 017  
Rúa Antonio Rama Seoane 6

#### **CSC DO ROMAÑO**

981 543 005  
Rúa Travesía de Vista Alegre 46

#### **CSC DE MARUXA E CORALIA**

981 542 456  
Praza de Salvador Parga

#### **CASA DAS ASOCIACIÓNS DE CORNES**

981542350  
Rúa de Manuel Beiras 3

E en calquera centro e local sociocultural da rede ou descargándoa na web municipal ou nos QR dos folletos publicitarios.

### **NORMAS, CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN E PAGAMENTO**

1. Requisito imprescindible o **empadroadado da familia no Concello de Santiago**.
2. Cubrirase inicialmente unha **única** folla de preinscrición e o Anexo I por participante, que non implica a adxudicación directa da praza. Unha vez confirmada a praza entregarase a documentación requirida, xunto co xustificante de pago.
3. Para os CSC urbanos **soamente poderase solicitar un CSC por participante**. No caso dos CSC do rural poderase indicar unha **segunda opción tamén do rural**.
4. En caso de superar o número máximo de prazas procederase a un sorteo coas persoas preinscricións en prazo. Publicarase a lista de persoas admitidas o 7 de xuño nos taboleiros informativos dos centros socioculturais nos que se fai o programa e en [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal).
5. É obriga da persoa adxudicataria da praza respectar as normas establecidas pola organización relativas aos horarios, ás actividades e ao uso das instalacións.
6. Unha vez confirmada a praza, procederase ao pagamento do prezo obtendo a folla de liquidación a través da sede electrónica do Concello, podendo facer o pagamento directamente aí ou achegándose coa folla ao banco. Unha vez formalizado o pago non se realizará a devolución da taxa, agás por os motivos especificados nas condicións xerais.
7. Se por algún motivo o/a neno/a non pode asistir nalgunha das xornadas, debe avisar no centro.
8. O número mínimo de participantes para iniciar a actividade será do 60% das prazas ofertadas en cada centro.